

MEMORIA ANUAL CONSELLO SOCIAL UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Consello Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2014

ÍNDICE

01	Carta do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña (UDC)	4
02	Organización	6
	Presentación	8
	Funciós	9
	Compromisos	10
	Composición e asistencia	12
03	O exercicio 2014	16
	Xaneiro	18
	Febreiro	19
	Marzo	20
	Abril	22
	Maio	24
	Xuño	27
	Xullo-agosto	30
	Setembro	33
	Outubro	36
	Novembro	38
	Decembro	40
	Orzamento da UDC	42
	Liquidación do orzamento da UDC	44
04	Orzamento do Consello Social da UDC	48
05	Marco normativo do Consello Social da UDC	52
06	Contorno de rede dixital	56

D. Antonio Abril Abadín
Presidente do Consello Social da UDC



O valor dunha sociedade mídese coa suma do talento formado dos seus cidadáns. Neste terreo as universidades teñen un compromiso coa docencia, a investigación, a innovación, a sustentabilidade, a responsabilidade social e a internacionalización, como vías para establecer unha comunicación estreita coa sociedade, de xeito que esa interacción permite que as dúas partes poidan beneficiarse e fortalecerse mutuamente.

O ano 2014 supuxo o punto de arranque dos actos de celebración do 25º aniversario da Universidade da Coruña e o Consello Social da UDC considera que o seu labor como ponte de unión entre a sociedade galega e a universidade está máis vivo que nunca. Na súa curta historia, o esforzo desenvolvido pola UDC no ámbito da ensinanza e a investigación permitiulle converterse nun referente da educación superior en Galicia e crear un importante repertorio de coñecemento e tecnoloxía. Ese indispensable labor de catalizador social complétese coa necesidade de fortalecer a terceira misión universitaria, coa transferencia dese coñecemento ao tecido produtivo e coa formación da nosa mocidade naquelas competencias profesionais que demandan as empresas. A universidade asume o compromiso de contribuír á xeración de riqueza e emprego na súa área de influencia, como unha forma de construír un futuro mellor para toda a sociedade.

Nos últimos anos, a Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema Universitario Español, a Conferencia de Presidentes de Consellos Sociais e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas elaboraron tres informes que puxeron de manifesto a necesidade de acometer unha reforma na educación superior española. Non sería responsable dilatar o san debate construtivo sobre o sistema de gobernanza, o financiamento da educación superior, a racionalización do sistema de titulacións e a especializacións das universidades.

No ano 2014, o Consello Social da UDC afondou na colaboración universidade-empresa como unha das súas liñas estratéxicas de traballo. O irrenunciable compromiso que asumimos co fomento da empregabilidade e do emprendemento púxose de manifesto a través do desenvolvemento dos programas 'Laboralia', que xa formou a máis de 750 estudantes nas súas catro edicións; 'Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar', que se asentou nos últimos tres anos como unha ferramenta de estímulo do emprendemento nun ámbito tan estreitamente vinculado a Galicia como é o mundo do mar; e 'Happiness at Work', un espazo para a promoción das habilidades socio-emocionais tanto no contorno persoal como laboral.

As institucións públicas e privadas deben contraer o compromiso de asumir como principios básicos de comportamento a ética, a transparencia e a rendición de contas. A promoción da Responsabilidade Social converteuse dende hai anos nunha liña de traballo estratéxica para o Consello Social da UDC. Ese esforzo chegou ao Informe CYD 2013, elaborado pola Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD), que serve como radiografía do sistema universitario español e recolle a experiencia de colaboración universidade-empresa que representa a Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social. Na súa vertente formativa, dentro da estratexia de calidade e mellora continua da Cátedra Inditex-UDC, celebrouse en 2014 a terceira edición do Posgrado en Responsabilidade Social e impulsouse un novo Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social. Ademais, dous dos proxectos promovidos polo Consello Social para favorecer a integración de colectivos en risco de exclusión social, 'Espazo Compartido' e 'CE10: Observatorio de Políticas Públicas en Materia de Discapacidade, Atención á Diversidade e Igualdade de Oportunidades', participaron no II Congreso Internacional de Universidade e Discapacidade. 'Espazo Compar-

tido' cumpre a súa segunda edición cos retos de incluír ás persoas con discapacidade cognitiva no espazo formativo universitario e de fomentar a súa empregabilidade, en tanto que 'CE10' presentou en 2014 o seu decálogo 'Cara a unha Carta dos Dereitos das persoas con discapacidade na universidade'.

Dentro da liña estratéxica de institucionalización, realizouse un traballo de representación e proxección social da imaxe da Universidade da Coruña e do Consello Social en particular, a través da participación en distintos foros de decisión e de debate no ámbito universitario, como son a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CSS), o Consello Galego de Universidades (CGU), a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e a Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD).

No ano 2014 tamén entrou en vigor o novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da UDC, como adaptación á Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia. Os cambios normativos tiveron repercusión na composición das tres Comisións permanentes: a Comisión Executiva, a Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais, e a Comisión Permanente de Supervisión de Actividades Universitarias e Calidade dos Servizos.

OR GA NIZA CIÓN

02





02.01

PRESENTACIÓN

O Consello Social da Universidade da Coruña é o órgano de participación da sociedade na universidade, é a ponte de unión entre a sociedade galega e a Universidade da Coruña (UDC). A súa misión é velar pola satisfacción das necesidades e expectativas da sociedade por parte da universidade, estando chamado, en particular, a promover o logro da excelencia na docencia, na investigación e na transferencia do coñecemento científico.

De conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica vixente, o Consello Social da UDC desenvolve funcións de control e supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos, contribuíndo, ademais, á coordinación, planificación e mellora da calidade do sistema universitario, mediante a súa participación nalgúns dos foros institucionais máis representativos, como o Consello Galego de Universidades, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e a Conferencia dos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

O compromiso do Consello Social da UDC coa modernización do Sistema Universitario Español, e co desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia é un dos seus principais obxectivos estratéxicos. Para contribuír á súa consecución, identifica, asigna recursos, coordina e supervisa proxectos universidade-empresa-terceiro sector, orientados a lograr un maior achegamento da universidade aos intereses da sociedade, fomentando, ademais, a reflexión colectiva sobre a cuestión universitaria, mediante unha política de comunicación proactiva, que pretende promover o diálogo público, aberto, construtivo e plural.

02.02

FUNCIONES

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, atribúen aos Consellos Sociais das Universidades Públicas un abano amplo de funcións relacionadas coa supervisión e control das actividades universitarias e o pulo das relacións universidade-sociedade. De entre elas, pola súa importancia para a sociedade, e para a universidade, cómpre destacar as seguintes:

- Supervisar as actividades de carácter económico da Universidade da Coruña. Correspóndelle aprobar, en particular, a proposta do Consello de Goberno, o orzamento e as contas anuais da UDC, así como aprobar e realizar o seguimento da programación plurianual da universidade.
- Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente, investigador e de administración e servizos da Universidade da Coruña, así como informar sobre os convenios colectivos do persoal contratado.
- Aprobar a creación, modificación substancial ou extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nas mesmas.
- Acordar, co reitor ou reitora, nos termos previstos na lexislación orgánica de universidades, o nomeamento e cesamento da persoa titular da xerencia.
- Supervisar o rendemento e calidade dos servizos universitarios, formulando, no seu caso, suxestións e propostas ao Consello de Goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia na ensinanza, investigación, xestión e servizos.
- Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como informar en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que establece a Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- Informar sobre os acordos do Consello de Goberno relativos á implantación e supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como a creación, modificación e supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
- Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento do estudantado universitario ás demandas do mercado laboral e, en especial, a firma de convenios entre a universidade e outras entidades, públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e das persoas tituladas da universidade e a facilitar a súa vinculación co mundo empresarial.
- Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.



02.03

COMPROMISOS

Co fin de lograr mellorar a interacción entre a sociedade e a UDC, o Consello Social da UDC asume os seguintes compromisos, como principios e pautas xerais de bo goberno e boa administración:

- Promover a construción dun modelo de financiamento universitario baseado na xusta e eficiente asignación dos recursos públicos que se destinan ás universidades, e no fomento da transferencia de resultados ao sector produtivo. Velar pola equidade e xustiza social no acceso ao servizo público de ensinanza superior.
- Promover que a xestión dos recursos dos que dispón a universidade resulte axustada ás expectativas e intereses da sociedade, fomentando que a asignación destes recursos se adecúe aos principios de sustentabilidade financeira, eficiencia, racionalidade, rigor orzamentario, transparencia e rendición de contas.
- Velar pola conservación do patrimonio cultural, arquitectónico, artístico e arqueolóxico da universidade, fomentando o uso e aproveitamento racional e sustentable do contorno natural das universidades, a eficiencia enerxética e a conservación dos bens mobles e inmobles dos que é titular.
- Velar por un desenvolvemento coherente do mapa de titulacións, fomentando a adecuación do mesmo ás necesidades sociais e demandas do mercado laboral.
- Fortalecer a colaboración interuniversitaria e a proxección internacional da UDC. Contribuír á toma de posición institucional da universidade, apostando polo recoñecemento público das súas fortalezas e méritos.
- Fomentar a reflexión colectiva sobre aqueles asuntos que fosen de interese para a comunidade universitaria e a sociedade en xeral. Fomentar a participación dos antigos alumnos da UDC na construción do proxecto universitario.
- Impulsar a implantación da responsabilidade social na UDC, ferramenta chave para lograr fortalecer o compromiso da universidade co seu contorno e co seu tempo.
- Fomentar a formación en valores, a inclusión das persoas con discapacidade, e a non discriminación no ámbito da educación superior, como piares da formación que debe recibir o alumnado universitario.
- Promover a mellora da empregabilidade do alumnado universitario e das persoas que veñen de conseguir o título a través de iniciativas dirixidas a mellorar os seus coñecementos sobre a realidade empresarial e a súa formación no ámbito das habilidades e competencias transversais.
- Fomentar o emprendemento no ámbito da comunidade universitaria mediante a promoción de accións que permitan achegar a realidade da empresa aos universitarios e investigadores. Fomentar a modernización de modelos e estruturas orientados a facilitar e apoiar a colaboración universidade-empresa e a explotación dos resultados da investigación.
- Fomentar a formación permanente, ferramenta indispensable para a mellora socioeducativa das persoas, a mellora da empregabilidade, a actualización profesional e a adquisición de competencias profesionais.
- Promover o desenvolvemento urbanístico harmónico e racional das universidades, a accesibilidade e a plena integración dos campus universitarios no contorno urbano e territorial no que se sitúen.
- Promover, a través do presidente, a celebración de reunións periódicas cos responsables da xestión universitaria, co fin de obter información, explorar fórmulas de colaboración e transmitir o parecer do Consello Social sobre aquelas cuestións que fosen de interese común.

02.04

COMPOSICIÓN E ASISTENCIAS

COMPOSICIÓN DO PLENO

(Actualizado a 31/12/2014)

Presidente

D. Antonio Abril Abadín

Membros natos

Reitor

D. Xosé Luís Armesto Barbeito

Secretario Xeral da UDC

D. Carlos Amoedo Souto

Xerente da UDC

D. Juan M. Díaz Villoslada

Representantes do Consello de Goberno UDC

Representante do profesorado

D. Ricardo Cao Abad

Representante do persoal de administración e servizos

D^a. Nuria Vieira Sousa

Representante do estudantado

D. Emilio Francisco Lage Rodríguez

Representantes dos intereses sociais de Galicia

Designados polo Parlamento de Galicia

D^a. Emma Lustres Gómez

D^a. Carmen González-Rosón Flores

D. Alfonso Manuel López Pena

D. Marcelo Castro Rial Schuler

D. Ángel Manuel Teijeiro González

D. Andrés Vicente Salgueiro Armada

Designados pola Xunta de Galicia

D^a. Nona Inés Vilariño Salgado

D. José María de Miguel Gómez

D^a. Marta María Blanco Vispo

D^a. Rosa Carril Iglesias

D^a. Nuria Blanco Santiago

D. Isidro Silveira Rey

Designados polos sindicatos

D. Fernando Vázquez Martínez

D. Santiago Porta Dovalo

D. Alfonso Varela Vidal

Designados polas organizacións empresariais

D. Francisco J. Santiáñez Orero

D. Daniel Ramos Lobón

D. José Venegas Alonso

D. José Ramón Romero García

Designados polas corporacións locais

A Coruña:

D. Francisco José Mourelo Barreiro

Ferrol:

D^a. M^a Concepción López Fernández

Designados polos colexios profesionais

D^a. Carmen Piñeiro Lemos

Secretario

D. Enrique Muñoz Lagarón

Membros que cesaron durante o exercicio 2014

D. Miguel Valeiro Mouriño

Membros de nova incorporación nomeados durante o exercicio 2014


D. Emilio Francisco Lage Rodríguez

D. Alfonso Varela Vidal

D^a. Carmen Piñeiro Lemos

ASISTENCIAS DOS CONSELLEIROS AOS PLENOS EN 2014

Durante o exercicio 2014 celebráronse catro reunións ordinarias do Pleno do Consello Social.



ASISTENCIA DOS MEMBROS DO CONSELLO SOCIAL AOS PLENOS, EN FUNCIÓN DO ÓRGANO POLO QUE FORON DESIGNADOS

Conseleiros	Plenos				Nº plenos	%
PRESIDENTE	●	●	●	●	4/4	100
TRES MEMBROS NATOS (REITOR, SECRETARIO XERAL E XERENTE)	●	●	●	●	4/4	100
TRES MEMBROS ELIXIDOS POLO CONSELLO DE GOBERNO (PDI, PAS E ESTUDANTES)	●	●	●	●	4/4	100
SEIS MEMBROS DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	4/4	100
	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	0/4	0
SEIS MEMBROS DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA	●	●	●	●	4/4	100
	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	2/4	50
	●	●	●	●	1/4	25
	●	●	●	●	2/4	50
	●	●	●	●	0/4	0
TRES MEMBROS DESIGNADOS POLOS SINDICATOS	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	4/4	100
	●	●	●	●	2/4	50
CATRO MEMBROS DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	3/4	75
	●	●	●	●	1/4	25
	●	●	●	●	1/4	25
DOUS MEMBROS DESIGNADOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS	●	●	●	●	1/4	25
	●	●	●	●	1/4	25
UN MEMBRO DESIGNADO POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS	●	●	●	●	4/4	100

● Asistencia | ● Ausencia

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS (Actualizado a 31/12/2014)

Comisión Executiva do Consello Social

Presidente

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC.

Vogais

D. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor
D. Carlos Amoedo Souto, secretario xeral

En representación dos intereses sociais:

D. Marcelo Castro-Rial Schuler,
D^a. Carmen González-Rosón Flores
D. Alfonso Manuel López Pena
D. Daniel Ramos Lobón
D. Francisco J. Santiáñez Orero
D. Fernando Vázquez Martínez
D. José Venegas Alonso
D^a. Nona Inés Vilariño Souto

Secretario do Consello Social da UDC

D. Enrique Muñoz Lagarón

Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais

Presidente

D. Antonio Abril Abadín

Vogais

D.D. Juan Manuel Díaz Villoslada, xerente da UDC
D^a. Nuria Vieira Sousa, en representación do Consello de Goberno da UDC

En representación dos intereses sociais:

D^a. Marta María Blanco Vispo
D. José María de Miguel Gómez
D^a. Carmen Piñeiro Lemos
D. Isidro Silveira Rey
D. Alfonso Varela Vidal
D. José Venegas Alonso

Secretario

D. Enrique Muñoz Lagarón

Comisión Permanente de Supervisión de Actividades Universitarias e Calidade dos Servizos

Presidente

D. Antonio Abril Abadín

Vogais

D. Carlos Amoedo Souto, secretario xeral
D. Emilio Francisco Lage Rodríguez, en representación do Consello de Goberno da UDC

En representación dos intereses sociais:

D^a. Nuria Blanco Santiago
D^a. Rosa Carril Iglesias
D. Santiago Porta Dovalo
D. José Ramón Romero García
D. Ángel Manuel Teijeiro González
D. Andrés Vicente Salgueiro Armada

Secretario

D. Enrique Muñoz Lagarón

ASISTENCIA DOS CONSELLEIROS ÁS COMISIONES EN 2014

O Consello Social celebrou catro reunións das súas comisións: unha da Comisión Executiva e tres de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais.

* As comisións pasaron de ter cinco conselleiros á súa actual composición a partir do Pleno do Consello Social celebrado o 30 de outubro do 2014.



EXER CICIO 2014

03





^ D. Sebastián Mora Rosado, secretario xeral da Confederación Cáritas Española.

23/01/2014 A CÁTEDRA INDITEX-UDC ABRE A TERCERA EDICIÓN DO SEU POSGRAO EN RS

A terceira edición do Posgrao en Responsabilidade Social da Cátedra Inditex-UDC iniciou as súas actividades docentes cun relatorio dentro do ciclo de conferencias En Código Aberto, a cargo de D. Sebastián Mora Rosado, secretario xeral da Confederación Cáritas Española.

No acto inaugural interviñeron D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da Universidade da Coruña; D^a. Marta Rey García, directora da Cátedra Inditex-UDC de RS; D. Anxo Calvo Silvosa, decano da Facultade de Economía e Empresa; e D^a. Araceli Torres Miño, vice-reitora do Campus de Ferrol e RS da UDC.

O presidente do Consello Social subliñou o labor realizado pola Confederación Cáritas Española no terreo da responsabilidade social: "Temos que estar agradecidos a persoas que fan da súa vida e do seu traballo un compromiso".

Durante a súa conferencia, D. Sebastián Mora Rosado analizou o concepto de responsabilidade social tal e como se entende na actualidade: "A RSC ten que nutrirse dunha reflexión profunda sobre a ética. Un dos déficits de hoxe é que perdeu a matriz que lle deu orixe, que está sustentada nuns valores. Houbo unha mellora, pero esquecemos esa reflexión máis profunda sobre a ética".

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

27/01/2014 SAN TOMÉ DE AQUINO: DÍA DA UNIVERSIDADE

A Universidade da Coruña rendeu homenaxe ao seu estudiantado no acto do Día da Universidade, celebrado o pasado 27 de xaneiro do 2014, con motivo da festividade de San Tomé de Aquino, patrón dos universitarios. O acto foi presidido polo reitor, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, e polo presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín. A UDC entregou 59 premios extraordinarios de fin de carreira UDC-Banco Santander, 121 distintivos aos novos doutores, 25 premios extraordinarios de doutoramento e 24 premios á excelencia académica no bacharelato. No seu discurso, D. Xosé Luís Armesto Barbeito insistiu en que "a educación, como a sanidade, é un ben social e un dereito fundamental".



^ D. Antonio Abril Abadín e D. Xosé Luís Armesto Barbeito presidiron o acto do Día da Universidade.

15/01/2014 DECLARACIÓN DE APOIO AO CAMPUS DE FERROL E Á SÚA COMARCA

O pasado 15 de xaneiro do 2014, o Pleno do Consello Social, reunido na cidade de Ferrol, acordou por unanimidade deixar constancia do seu apoio institucional ao citado campus universitario, cuxa contribución ao progreso social e económico de Galicia merece especial recoñecemento. O Consello Social expresou o seu apoio e solidariedade cos cidadáns e as institucións da comarca de Ferrolterra, sinalando que, malia verse especialmente afectada polas consecuencias da crise económica en xeral e do sector naval en particular, logrou consolidarse como un dos espazos de colaboración universidade-empresa máis fecundos da nosa comunidade.



^ As empresas aconsellaron aos participantes nos Experience Days de Laboralia 2014.

10-14/02/2014 O PROGRAMA LABORALIA CELEBRA A SÚA CUARTA EDICIÓN

Entre os días 10 e 14 de febreiro celebrouse na Coruña a cuarta edición do programa Laboralia. Trátase dunha iniciativa pola que pasaron xa máis de 750 estudantes, posta en marcha polo Consello Social da Universidade da Coruña, en colaboración coa Fundación UDC (FUAC) e a Fundación Ronsel, para a formación, orientación laboral, mellora da empregabilidade e fomento do emprendemento no ámbito universitario.

Laboralia 2014, con 25 horas lectivas repartidas durante unha semana, pechouse os días 13 e 14 de febreiro cos Experience Days, que permitiron aos asistentes coñecer as competencias e perfís profesionais máis demandados polas empresas. Os mozos puideron escoitar recomendacións de primeira man dos responsables dos departamentos de Recursos Humanos de importantes empresas nacionais e internacionais.

Entre as recomendacións, D. Miguel García Mosquera, director de Compensación e Desenvolvemento de Inditex, quixo deixar un consello aos participantes: "Sede optimistas, non abandonedes. Hai que seguir buscando, xa que buscar traballo é un traballo en si mesmo".

O último día de Laboralia 2014 contou cunha charla-coloquio co presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín; a conselleira de Traballo e Benestar, D. Beatriz Mato Otero; e o director-xerente da Fundación UDC (FUAC), D. Juan Carlos Bugallo Taibo.

D. Antonio Abril Abadín destacou a importancia de iniciativas que axuden a mellorar a empregabilidade dos universitarios: "Dende a universidade, unha das nosas misións é dar respostas prácticas á sociedade e, máis concretamente, aos mozos estudantes. Esta é a razón de ser de Laboralia".

D. Beatriz Mato Otero mostrouse convencida de que "non hai mellor política social que a do emprego", mentres que D. Juan Carlos Bugallo Taibo recalcou o papel das universidades á hora de fomentar o diálogo para que os perfís do estudiantado se adapten ás necesidades das empresas.

Máis información en: www.laboraliaudc.com



^ D. Antonio Abril Abadín, no I Congreso Ibérico de Enxeñeiros Mozos Emprendedores (CIJE).

21/03/2014 RELATORIO SOBRE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DAS ENSINANZAS TÉCNICAS

A Coruña acolleu o I Congreso Ibérico de Enxeñeiros Mozos Emprendedores (CIJE), que reuniu a preto de 300 profesionais pertencentes aos colexios profesionais de Enxeñaría de Galicia e a Ordem dos Engenheiros de Portugal, co obxectivo de tratar algúns dos temas máis destacados do sector e de proxectar unha imaxe común das distintas ramas da enxeñaría.

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, pechou o congreso cun relatorio no que abordou a necesidade de orientar a educación do talento cara á creación de valor e cara ao crecemento económico: "As competencias profesionais son condición necesaria para a supervivencia da empresa, protagonista do desenvolvemento económico social".

Para explicar por que son necesarias as competencias profesionais, o presidente do Consello Social aludiu ao "profundo cambio nas necesidades do mercado laboral", marcado pola rápida obsolescencia dos coñecementos, a multidiscipliniedade dos postos de traballo, a xeración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, ou a globalización do mercado laboral, entre outros motivos.

D. Antonio Abril Abadín destacou a liña estratéxica do Consello Social orientada ao fomento da empregabilidade e o emprendemento, con proxectos de grande alcance como Laboralia, Escola de Emprendedores ou a Aula Happiness at Work.

Vídeo dispoñible na canle de Youtube do Consello Social da UDC.

18/03/2014 REUNIÓN EN SANTIAGO DA ACSUG

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) mantivo unha reunión en Santiago de Compostela, na que se trataron diversos asuntos, como a sinatura ou modificación de convenios con outras institucións, entre outros, o programa DOCENTIA coa UDC, de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario da institución coruñesa. Os asistentes abordaron tamén o informe de autoavaliación para a confirmación da ACSUG como membro de pleno dereito da European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) e diversas cuestións relacionadas coa xestión da calidade.

19/03/2014 REUNIÓN DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

A Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da UDC mantivo o 19 de marzo a súa primeira reunión do ano 2014, unha sesión na que se abordou a posibilidade da participación da Universidade da Coruña no capital social das empresas Recursos y Servicios Gerontológicos Gallegos, e Health in Code, segundo o previsto no Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC.

21/03/2014 CONFERENCIA SOBRE MODA E RESPONSABILIDADE SOCIAL

O acto de entrega de bolsas e insignias no Colexio Maior La Estila, en Santiago de Compostela, contou coa presenza de D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC e secretario xeral de Inditex, que pronunciou a conferencia 'Moda con Responsabilidade Social'. Á marxe de diferentes personalidades da cultura, a política e a economía, o acto tamén contou con outros representantes da comunidade universitaria galega, como o vicerreitor de Estudantes e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela, D. Francisco Ramón Durán Villa.



^ Pleno do Consello Social, na súa reunión do 27 de marzo de 2014.

27/03/2014 PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

Normativa de permanencia de estudantes de grao e mestrado na UDC

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña acordou por maioría a aprobación, previo informe do Consello de Universidades e do Consello Galego de Universidades, das normas que regulan o progreso e a permanencia do estudantado na UDC. O texto foi aprobado á vista da proposta remitida polo Consello de Goberno da UDC e aprobada por este órgano o 26 de marzo de 2013, incorporándose a esta proposta a modificación suxerida pola Comisión Temporal de Relacións Universidade-Sociedade do Consello Social da UDC, o 14 de outubro de 2013.

Modificación de programas de doutoramento para o curso 2014/2015

De forma unánime, o Pleno acordou emitir un informe favorable sobre a proposta de modificación dos seguintes programas de doutoramento para o curso 2014/2015:

- » Doutoramento en Equidade e Innovación na Educación.
- » Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión.

Aprobación da memoria do Consello Social do exercicio 2013

O Pleno aprobou por unanimidade a memoria de actividades do Consello Social da UDC correspondente ao exercicio 2013.

HEALTH IN CODE S.L. E RECURSOS Y SERVICIOS GERONTOLÓGICOS GALLEGOS S.L.: UNHA APOSTA DA UDC EN FAVOR DA TRANSFERENCIA

O Pleno do Consello Social acordou de maneira unánime a aprobación da toma de participación da Universidade da Coruña nas sociedades Recursos y Servicios Gerontológicos Gallegos S.L. e Health in Code S.L.

Recursos y Servicios Gerontológicos Gallegos é unha empresa formada por especialistas na atención e cuidados das persoas maiores, co obxectivo social da realización de actividades dirixidas á mellora da súa calidade de vida.

Health in Code, pola súa parte, é unha empresa de base tecnolóxica que ten como obxectivo a identificación de problemas de saúde mediante o uso do diagnóstico xenético. O seu principal campo de acción son as cardiopatías familiares.



^ Os participantes nas VII Xornadas de Dereito Administrativo Iberoamericano.

04/04/2014 CONFERENCIA NAS VII XORNADAS DE DEREITO ADMINISTRATIVO IBEROAMERICANO

O presidente e o director técnico do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín e D. Jesús Spósito Prado, participaron nas VII Xornadas de Dereito Administrativo Iberoamericano, celebradas no Pazo de Mariñán en Bergondo (A Coruña), entre o 31 de marzo e o 4 de abril de 2014. Medio centenar de profesionais universitarios do dereito administrativo de España e de Iberoamérica debateron durante unha semana baixo o título xenérico de 'A reforma das Administracións Públicas'.

Na clausura das xornadas, nun acto presentado por D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, catedrático da Universidade da Coruña e coordinador do Doutoramento en Dereito Administrativo Iberoamericano da UDC, D. Antonio Abril Abadín ofreceu unha conferencia co título 'Universidade, empresa e competencias profesionais. Retos do século XXI'.

O presidente do Consello Social destacou que as universidades españolas ofrecen unha excelente actividade docente e unha meritoria actividade investigadora, aínda que esta se centra especialmente nas publicacións científicas, polo que

sería conveniente unha maior vocación cara á transferencia de resultados ao sector produtivo. Outras cuestións mellorables serían a existencia dunha estrutura orzamentaria excesivamente dependente das transferencias do sector público, a escasa mobilidade e internacionalización de profesores e alumnos, e un deficiente sistema de goberno.

D. Antonio Abril Abadín resaltou cinco claves para avanzar nunha nova dirección: cambiar o modelo educativo, intensificar a colaboración universidade-empresa, mellorar a internacionalización, promover o emprendemento e fomentar a responsabilidade social.

Tras a conferencia do presidente do Consello Social, procedeuse á entrega de diplomas, nos que tamén participou D^a. Miriam Mabel Ivanega, da Universidad Austral, de Arxentina.

Máis información en:
<https://jdaiberoamericanas.wordpress.com/>

2014 CINCO ANOS DE REDE AMIGA UDC

O Consello Social, en colaboración coa Fundación UDC, poñía en marcha no 2009 o proxecto Rede Amiga UDC, que nacía co reto de crear e alentar un espazo de comunicación aberto e continuo, no que os alumnos, ex alumnos, profesores e empresas vinculadas á UDC puidesen axudar no afondamento das relacións entre a universidade e a sociedade.

Pasaron cinco anos e Rede Amiga experimentou un crecemento continuo ata alcanzar os 8.300 seguidores na internet e nas redes sociais. Durante o ano 2014, conseguiu máis de 500 novos seguidores, co que a comunidade que se agrupa arredor de Rede Amiga creceu un 6,4 por cento.

Como vías para conseguir ese reto de converterse nun espazo de comunicación para diferentes colectivos relacionados coa UDC, Rede Amiga dispón en Twitter dunha conta con máis de 2.400 seguidores; en Facebook un perfil con 2.700 amigos e un grupo con preto de 1.500 integrantes; e en LinkedIn unha conta con 770 contactos e un grupo con 940 participantes.

O proxecto complementábase cun blog, que comparte ese obxectivo de escoitar a comunidade universitaria e o conxunto da sociedade, ao tempo que incentiva a interacción e informa sobre as iniciativas do Consello Social e a Universidade da Coruña.

22/04/2014 REUNIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS

A Comisión Académica da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), da que é vogal o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín, mantivo unha reunión en Madrid. Entre as cuestións que se abordaron, atopábase a análise de dous proxectos de Real Decreto, para a regulación das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e para o establecemento da normativa básica dos requisitos de acceso e dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.



^ D^a. Marta Rey García, D. Antonio Abril Abadín, D^a. Ana Iglesias Galdo e D. Alberto Durán López.

30/04/2014 PARTICIPACIÓN DA FUNDACIÓN ONCE NA CÁTEDRA INDITEX-UDC DE RS

O vicepresidente da Fundación ONCE, D. Alberto Durán López, protagonizou a segunda sesión do ciclo de conferencias En Código Aberto, da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social, co relatorio 'A discapacidade como factor de excelencia na RSE'. A conferencia enmarcábase nas actividades docentes do Posgrao en Responsabilidade Social da Cátedra Inditex-UDC, que comezara no mes de xaneiro.

No acto tamén participaron D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC; D^a. Marta Rey García, directora da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social; e D^a. Ana Iglesias Galdo, decana da Facultade de Ciencias da Educación.

O presidente do Consello Social da UDC lembrou que a ONCE é a entidade privada líder en España entre as organizacións de apoio á discapacidade. "O realmente decisivo da responsabilidade social é que ese compromiso vai dentro do modelo de negocio das empresas e das institucións", explicou D. Antonio Abril Abadín.

Pola súa parte, D. Alberto Durán López explicou na súa conferencia que a discapacidade está presente nun de cada cinco fogares españois: "A discapacidade é un fenómeno presente e habitual no noso país, pero o camiño cara á educación inclusiva e o emprego na discapacidade aínda está en construción".



^ Almorzo de traballo de D. Antonio Abril Abadín cos medios de comunicación.

20 E 25/05/2014 O PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL ABORDA A REFORMA DA UNIVERSIDADE PÚBLICA ESPAÑOLA

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, abordou diversos temas de actualidade relacionados co sistema universitario público español, o 20 de maio nun almorzo de traballo con medios de comunicación da Coruña e o 25 de maio no artigo 'Para a mellora da universidade pública', en La Voz de Galicia.

Durante a súa exposición, D. Antonio Abril Abadín apoiouse en tres informes recentes sobre a educación superior en España, elaborados pola Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema Universitario Español, a Conferencia de Consellos Sociais e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.

O presidente do Consello Social lembrou que "o sistema de goberno da Universidade española funcionou historicamente, pero todos os informes sen excepción conclúen que hai que cambialo e que non é válido para universidades competitivas e excelentes no ámbito internacional no século XXI".

No terreo de I+D+i, D. Antonio Abril Abadín fixo fincapé na necesidade de "mellorar a transferencia da investigación

que fan as universidades ao tecido produtivo", de xeito que se consigan dous obxectivos: "Hai que pechar dous círculos virtuosos. Primeiro, converter as universidades en motor de desenvolvemento económico e social, porque hoxe en día o desenvolvemento dun país vai inexorablemente unido a I+D+i. E segundo, mellorar o financiamento das universidades, porque lles vai permitir poñerse en valor".

O presidente do Consello Social considera ademais como un reto ineludible a "internacionalización" das universidades: "Vivimos nunha sociedade global internacional e temos que formar aos nosos estudantes en competencias globais e internacionais para que poidan competir no mercado de traballo en calquera lugar do mundo. Non ten sentido facer unha formación aos nosos estudantes exclusivamente para que traballen no seu contorno".

A reforma do sistema universitario español é un debate necesario nestes momentos. "Se algunha institución non debe rexeitar o san debate construtivo é a universidade", concluíu D. Antonio Abril Abadín.



^ Entrega de diplomas aos alumnos do posgrao da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social.

30/05/2014 CLAUSURA DA TERCEIRA EDICIÓN DO POSGRAO DA CÁTEDRA INDITEX-UDC

O posgrao da Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social celebrou o seu acto de clausura no Paraninfo da Universidade da Coruña, coa entrega de diplomas aos 34 alumnos matriculados nesta terceira edición.

O acto incluíu unha conferencia de D. Kemal Özkan, secretario xeral de IndustriALL Global Union, coa presenza de D. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor da UDC; D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social; D. Anxo Calvo Silvosa, decano da Facultade de Economía e Empresa; e D^a. Marta Rey García, directora da Cátedra Inditex-UDC de RS.

Na súa intervención, D. Kemal Özkan asegurou que "a forma de vida actual non é sustentable dende tres puntos de vista que nos preocupan moito en IndustriALL: económico, social e ambiental. Unha vida mellor é posible e loitamos por un modelo que teña prioridades nas persoas, non na especulación financeira". O relator engadiu que "a crise económica

veu por mor da busca de beneficio a calquera prezo e a curto prazo".

D. Xosé Luís Armesto Barbeito destacou a importancia do labor que realiza a Cátedra Inditex-UDC de RS: "As cátedras de empresa son canais de colaboración entre empresas e organizacións do noso ámbito de actuación coa universidade. Xorden do interese compartido. A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social é unha ponte creada neste marco e ao ser a primeira, é un punto de referencia".

Pola súa parte, D. Antonio Abril Abadín comentou que "IndustriALL ten moitos obxectivos coincidentes cos valores da universidade. Gústanos que a nosa universidade sexa pública e excelente. E coincidimos en que as actividades económicas deben ter no centro á persoa e non a súa capacidade económica".

Máis información en: <http://catedrainditexudc.org>

24-25/05/2014 O PAPEL DOS CONSELLOS SOCIAIS NA EDUCACIÓN SUPERIOR

O papel dos Consellos Sociais nas universidades españolas protagonizou unha reportaxe publicada en El País e en Cinco Días, co título 'O amigo incómodo', no que se explicaban as funcións que estes órganos asumiron na educación superior española dende a súa creación en 1983.

Entre os expertos consultados destacaba a presenza do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, que facía fincapé no feito de que "as universidades non son só de profesores e estudantes, senón que pertencen a toda a sociedade".

O presidente do Consello Social da UDC resumía os retos que afrontan as universidades españolas no futuro: "Son as encargadas da ensinanza pública superior e o seu papel é esencial no desenvolvemento económico e social dun país. Deben responder ás necesidades e transferir o coñecemento que xeran ao tecido produtivo. Formar aos estudantes, ademais de en coñecementos, en competencias profesionais como emprendemento, liderado e mentalidade internacional".

Outra das voces consultadas na reportaxe, o presidente da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), D. Joaquín Moya-Angeler Cabrera, amosaba o seu convencemento de que "o modelo de goberno universitario está desfasado".

12/05/2014 REUNIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO DA CCS

O Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), da que forma parte como vogal o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín, reuniuse en Madrid para analizar diversas cuestións de interese para o sistema universitario español.

26/05/2014 REUNIÓN DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O Consello Galego de Universidades (CGU) mantivo unha reunión na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, presidida polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Jesús Vázquez Abad. No cumio tamén estiveron presentes o reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, e o presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín.

A reunión tratou, entre outras cuestións, a oferta de prazas nas tres universidades galegas para o curso 2014/2015 e a proposta de prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos de grao, mestrado e doutoramento.



^ Reunión do Consello Galego de Universidades do 26 de maio de 2014.



^ Conferencia de Escola de Emprendedores en Vigo.

07/05/2014 SESIÓNS ALUMNI DE ESCOLA DE EMPRENDEDORES

'Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar' deu comezo ás sesións *alumni* cunha xornada centrada no ámbito do financiamento privado, que tivo lugar no campus da Universidade de Vigo e á que asistiron unha trintena de mozos.

Os participantes tiveron a oportunidade de escoitar a conferencia ofrecida por D^a. Tania Villares Balsa, analista de investimentos de Unirisco SCRA, a primeira sociedade de capital de risco universitario autorizada pola Comisión do Mercado de Valores. A relatora introduciu aos mozos nos conceptos do investimento privado, a través de capital de risco e *business angels*.

18/06/2014 EXPOSICIÓN DE PROXECTOS NO ACTO DE CLAUSURA DE ESCOLA DE EMPRENDEDORES

A exposición de proxectos do alumnado serviu como broche final para a terceira edición do programa 'Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar', organizado polo Consello Social da UDC, a Fundación Universidade da Coruña e o Campus de Excelencia Internacional-Campus do Mar, en colaboración coa Fundación Ronsel e a Asociación Galega de Empresa Familiar. O acto celebrouse na sede do Colexio de Arquitectos da Coruña.

O alumnado demostrou as habilidades e coñecementos adquiridos, coa presentación de cinco proxectos empresariais relacionados co mundo do mar: Plataformas Flotantes, Crabe Geryon, Feel the Sea Turismo Mariñeiro, Aula do Mar de Galicia e Gbait.

D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, destacou o "carácter global e internacional" dos proxectos presentados polo alumnado e incidiu na importancia da colaboración institucional para este proxecto. "Este programa representa a cooperación entre as universidades galegas", comentou.

No acto tamén estiveron presentes D. Emilio Fernández Suárez, director do Campus de Excelencia Internacional-Campus do Mar, e D. Juan José Gómez Romero, director-xerente da Fundación UDC.

O xurado estivo formado por D^a. María José Arrojo Balaña, subdirectora da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre; D. Gonzalo González Pérez, director comercial de AFIGAL; D^a. Margarita Hermo Figueira, directora da Asociación Galega de Empresa Familiar; D. Luis Fernández Rodríguez, director da área de Transferencia do Campus de Excelencia Internacional-Campus do Mar; e D. Óscar Valcuende Rodríguez, presidente da Asociación de Empresarios Mozos da provincia da Coruña.

Máis información en: <http://www.escolaemprendedores.com/>
Vídeo dispoñible na cante de Youtube do Consello Social da UDC.



→ A exposición de proxectos do alumnado pechou a terceira edición de 'Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar'.



15/06/2014

ARTIGO: UNHA UNIVERSIDADE AO SERVIZO DA SOCIEDADE



^ Suplemento Notable +.

Os xornais La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, La Opinión de A Coruña e Diario de Ferrol publicaron o suplemento Notable +, coordinado polo Gabinete de Comunicación da UDC, co patrocinio do Consello Social.

Nas súas páxinas, D. Antonio Abril Abadín escribiu o artigo 'Unha Universidade ao servizo da sociedade', no que facía unha análise da situación actual da institución académica. "A pesar da súa corta historia, o esforzo da UDC no ámbito da ensinanza e da investigación conseguiu crear un amplo repertorio de coñecemento e tecnoloxía, cun alto potencial para ser aplicado no mercado", explicou.

O presidente do Consello Social insistiu en que "a sociedade precisa hoxe en día universidades investigadoras, emprendedoras, innovadoras, sustentables e internacionais, que formen os seus estudantes nos coñecementos e nas competencias e habilidades profesionais que hoxe movern un mundo no que cada día desaparecen un pouco máis as fronteiras e que, ademais, sexan capaces de transferir a súa investigación ao tecido produtivo, de modo que se convertan en motores do desenvolvemento económico e social, e da creación de emprego e riqueza".

D. Antonio Abril Abadín fixo fincapé como conclusión nos compromisos da institución que preside: "O Consello Social da UDC está comprometido na busca da excelencia na docencia e na investigación e, dende logo, coa transferencia ás empresas do coñecemento xerado pola universidade. Froito disto son os diferentes acordos con empresas e institucións para o desenvolvemento de iniciativas público-privadas de interese xeral. Un camiño de colaboración e apoio á universidade en beneficio de toda a sociedade".


19/06/2014 REUNIÓN DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

A Comisión Executiva do Consello Social da UDC mantivo o 19 de xuño unha reunión na que se tratou o estudo e análise da proposta de adaptación do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social á Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia, con carácter previo á súa remisión á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2014 SEGUNDO ANO DE HAPPINESS AT WORK

O Consello Social e a Fundación UDC (FUAC) impulsaron o programa Happiness at Work, que en 2014 cumpría o segundo ano dende a súa posta en marcha. Trátase dunha iniciativa destinada a valorar a importancia das habilidades socio-emocionais (intelixencia emocional, autoconecemento, motivación, liderado, relacións sociais...) no éxito das relacións humanas e o seu impacto directo no obxectivo da felicidade.

Con esa base, Happiness at Work pretende que os participantes adquiren unha serie de coñecementos, técnicas, habilidades, valores e comportamentos necesarios para mellorar as súas capacidades e o seu benestar individual, como elementos claves para o éxito profesional e vital.



05/06/2014 PRESENTACIÓN DO 25º ANIVERSARIO DA UDC



11/06/2014 ESTUDO DA CCS SOBRE EMPREGO E DOUTORAMENTOS

A Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS) celebrou a súa Asemblea Xeral en Madrid, nun acto que serviu como presentación das conclusións do estudo "O emprego dos doutores en España e a súa relación coa I+D+i e os estudos de doutoramento".

Unha das conclusións deste informe é que España produce doutores en niveis equiparables aos países do seu contorno, pero a taxa de doutores empregados no sector privado (só un 16 por cento) é aproximadamente a metade da media dos países da OCDE, un dato que supón unha notable fenda para o impulso á innovación.

Outro dos puntos destacados por este estudo fai referencia ao feito de que no ano 2009 tan só o 43,4 por cento do gasto total en I+D en España era financiado polo sector privado, moi lonxe dos países mellor situados nese aspecto, como é o caso de Alemaña, Dinamarca, Finlandia, Países Baixos e Estados Unidos.

O reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, e o presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín, presentaron os actos de celebración do 25º aniversario da institución, baixo o lema "25 anos da Universidade da Coruña. Avanzando o futuro".

O Consello Social apoiou os actos de celebración, como parte dunha comisión investigadora presidida por D. Xosé Luís Armesto Barbeito e D. Antonio Abril Abadín, que puxeron en marcha a organización dunha serie de actos que tiveron como punto de arranque o 19 de setembro, coa conferencia do Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica 2006, D. Juan Ignacio Cirac Sasurain.

Os actos presentados incluían o deseño dun logotipo específico conmemorativo, a futura concesión da distinción Doutor Honoris Causa ao profesor Michael Apple, unha exposición gráfica sobre a historia da UDC e a Bienal de Química de 2015.



^ A Conferencia de Consellos Sociais mantivo unha reunión en Madrid co ministro de Educación, D. José Ignacio Wert Ortega.

22/07/2014 A CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS PIDE "VALENTÍA" NA REFORMA DA UNIVERSIDADE

O presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, asistiu como un dos representantes da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS) á reunión na sede do Ministerio de Educación co ministro D. José Ignacio Wert Ortega. O cumio enmarcouse dentro da rolda de encontros convocada polo Goberno cos axentes e órganos representantes do sistema universitario para afrontar posibles reformas neste ámbito académico.

O presidente da CCS, D. Joaquín Moya-Angeler Cabrera, manifestou ao ministro que, coas materias que se queren modificar, estase a facer "un necesario traballo de actualización normativa", pero defendeu que eses cambios se insiran, para ser máis eficaces, "no marco dunha formulación xeral máis ampla e ambiciosa: impulsar a reforma estrutural profunda que o sistema universitario español está a esixir".

Dende o Ministerio formularon cambios normativos que afectan á modificación dos procedementos para a acreditación do profesorado, a creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios, os requisitos de expedición do

Suplemento Europeo ao título, a modificación da organización das ensinanzas universitarias e medidas para o fomento da mobilidade do profesorado. Dende a Conferencia, en xeral, consideráronse acertadas as propostas realizadas, aínda que se indicaron asuntos puntuais en cada unha delas para a súa toma en consideración.

Durante o encontro, o presidente da CCS tamén transmitiu ao ministro as liñas xerais da proposta que está a elaborar a Conferencia para introducir maior flexibilidade na normativa básica sobre goberno e representación universitaria.

Esa proposta, apoiada pola Asemblea Xeral da CCS, articularíase a través dunha modificación lexislativa puntual que ampare tanto a continuidade do réxime vixente como a implantación e desenvolvemento doutros máis innovadores, de xeito que cada centro poida elixir o modelo de goberno que desexe. Búscase facer flexibles as actuais estruturas para que haxa un libre exercicio de autonomía responsable por parte de cada universidade.



^ A Fundación CYD presentou en Madrid o seu Informe CYD 2013.

07/07/2014 O INFORME CYD RECOLLE A EXPERIENCIA DE COLABORACIÓN ENTRE INDITEX E A UDC

A Fundación CYD presentou o seu Informe CYD 2013, nun acto celebrado en Madrid no Anfiteatro da Casa de América, coa presenza de destacados representantes do mundo académico, empresarial e político. O documento presentado é unha radiografía do sistema universitario español, cunha análise exhaustiva da contribución das universidades ao desenvolvemento económico e social de España durante o ano 2013.

O acto contou coa intervención, entre outros, do ministro de Educación, Cultura e Deporte, D. José Ignacio Wert Ortega, e da presidenta da Fundación CYD, D^a. Ana Patricia Botín-Sanz de Sautuola O'Shea. O Informe CYD cumpriu dez anos nesta edición, unha traxectoria que o converteu en todo un referente na análise da situación das universidades españolas.

O Informe CYD 2013 recolle a experiencia de colaboración entre Inditex e a Universidade da Coruña, froito do acordo asinado entre ambas as

institucións no ano 2010, para a implantación dun modelo de responsabilidade social na UDC. O Informe CYD 2013, no seu capítulo 'Investigación, cultura emprendedora e empresa', recolle diversas iniciativas de colaboración entre universidades e empresas. O documento presta especial atención ao espazo de reflexión comunitaria, formación académica, investigación aplicada e divulgación sobre a responsabilidade social que se fomenta na Cátedra Inditex-UDC.

A vertente formativa da colaboración entre Inditex e a UDC é un dos puntos que trata este informe CYD 2013, con especial atención ao Curso de Formación Específica de Posgrao en Responsabilidade Social. Neste ámbito, destácanse os aspectos relacionados coa calidade e a innovación docente, a selección de alumnos e profesores, e o deseño da metodoloxía do programa formativo desenvolvido pola Cátedra Inditex-UDC.

11/07/2014 PLENO EXTRAORDINARIO DO CGU

O Pleno extraordinario do Consello Galego de Universidades (CGU), presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Jesús Vázquez Abad, tratou como único punto do día o proceso de informe sobre as titulacións pendentes de autorización para ser impartidas para o curso 2014/2015 nas tres universidades galegas.

23/07/2014 REUNIÓN DA ACSUG

O Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) celebrou unha reunión en Santiago, na que someteu a aprobación o borrador do estatuto do consorcio autonómico ACSUG e abordou diversos asuntos económicos, entre outras cuestións previstas na orde do día.

24/07/2014
PLENO ORDINARIO
DO CONSELLO
SOCIAL



^ Pleno do Consello Social, na súa reunión do 24 de xullo de 2014.

Proxecto de decreto de prezos dos estudos universitarios

O Pleno do Consello Social acordou por maioría informar favorablemente ao proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional na ensinanza universitaria, para o curso 2014/2015.

Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social

Por unanimidade, o Pleno aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña.

Delegación de competencias na Comisión Executiva

O Pleno acordou tamén de xeito unánime delegar na súa Comisión Executiva 22 competencias que se enuncian nos artigos do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social.

Prezos das ensinanzas propias da UDC para o curso 2014/2015

Por maioría, o Pleno acordou a aprobación dos prezos das ensinanzas propias da Universidade da Coruña para o curso 2014/2015.

Proposta de modificación de tarifas do SAI

O Pleno aprobou unanimemente a proposta de modificación de tarifas dos Servizos de Apoio á Investigación para o ano 2014.

Proposta de modificación dos prezos da Aula de Formación Informática

Por unanimidade, o Pleno aprobou a proposta de modificación dos prezos públicos da Aula de Formación Informática.

Proposta de modificación dos prezos das instalacións deportivas

O Pleno acordou de xeito unánime a aprobación da proposta de modificación dos prezos das instalacións deportivas da Universidade da Coruña.

Cesión en réxime de comodato do fondo de Don Pedro López Gómez

O Pleno aprobou por unanimidade a aceptación pola universidade da cesión en réxime de comodato do fondo arquivístico e bibliográfico de Don Pedro López Gómez, sobre o que posteriormente se constituirá un legado mortis causa en favor da UDC.

AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE APPENTRA SOLUTIONS S.L. E TORUS SOLUTIONS S.L.

O Pleno do Consello Social aprobou por unanimidade as ampliacións de capital social das empresas de base tecnolóxica Appentra Solutions SL e Torus Solutions SL, participadas pola Universidade da Coruña. No primeiro caso, a UDC executou unha cláusula antidilución por un prezo total dun euro. En canto ás dúas ampliacións de capital social de Torus Solutions SL, a UDC acudiu á primeira delas cunha aportación por importe de 450 euros, co que a súa participación queda nun 4,67 por cento.



15/09/2014 SEGUNDA EDICIÓN DE ESPAZO
COMPARTIDO

O 15 de setembro a UDC abriu as súas portas á segunda promoción do programa Espazo Compartido, un proxecto impulsado polo Consello Social da Universidade da Coruña, a Fundación UDC (FUAC) e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social da UDC.

Este proxecto é unha aposta decidida pola inclusión das persoas con discapacidade cognitiva no espazo formativo universitario, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade e fomentar a súa inclusión laboral.

Espazo Compartido, que conta co patrocinio do Banco Santander e a Fundación Universia, e coa colaboración da Asociación Down Coruña e a Universidade Andrés Bello de Chile, abrangue dous cursos académicos, cunha formación teórica previa nas aulas da Universidade da Coruña e un programa de Primeiras Experiencias Laborais en empresas no segundo cuatrimestre do segundo curso.

Trátase dun programa pioneiro no sistema universitario galego e unha referencia no ámbito español, onde se asentou como unha mostra do compromiso da UDC coa sociedade e co dereito a unha formación digna dun colectivo en risco de exclusión social.

Espazo Compartido conta, nesta segunda edición, cun alumnado con discapacidade cognitiva con idades comprendidas entre os 19 e os 35 anos, que proceden de diferentes contornos e experiencias vitais, cun factor común, que é a súa motivación por acceder ao mercado laboral e conseguir unha maior autonomía na súa vida.

Máis información en: <http://espazocompartidoudc.com>
<http://www.udc.gal/cufie/>

▼ Os participantes no programa formativo Espazo Compartido.





^ A Universidade da Coruña deu comezo aos actos de celebración dos seus 25 anos.

19/09/2014 A UDC COMEZA AS CELEBRACIÓNS DO SEU 25º ANIVERSARIO

A Universidade da Coruña (UDC) deu comezo o 19 de setembro aos actos de celebración do seu 25º aniversario. Este primeiro evento, celebrado no Paraninfo da Maestranza, contou coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, que estivo acompañado polo reitor, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, e o presidente do Consello Social da UDC, D. Antonio Abril Abadín.

O presidente da Xunta destacou o prestixio acadado durante estes anos pola Universidade da Coruña. "Estamos ante unha grande obra colectiva. Aquela Galicia precisaba as novas universidades de Vigo e A Coruña. O prestixio que ten a UDC ganárono as persoas, por iso o meu agradecemento aos equipos de goberno e ao profesorado", explicou D. Alberto Núñez Feijóo.

D. Xosé Luís Armesto Barbeito lembrou que "uns 70.000 mozos" saíron con título universitario da UDC durante eses 25 anos de historia, "cunha universidade plantada en dúas cidades (A Coruña e Ferrol) que acumulan 650.000 habitantes". O reitor fixo ademais "un balance enormemente positivo" sobre a traxectoria da institución.

D. Antonio Abril Abadín aproveitou a ocasión para "expresar un sincero recoñecemento e homenaxe a aqueles que, ao longo destes 25 anos, achegaron o seu mérito e esforzo á ensinanza e á investigación na nosa universidade".

O presidente do Consello Social insistiu na importancia de mirar atrás para traballar para o futuro: "Os 25 anos da UDC permítennos mirar atrás e extraer conclusións para construír un futuro mellor. Eu vexo unha universidade pública excelente na docencia, meritoria na investigación, comprometida socialmente e prudente e saneada na xestión económica, que posúe o talento e as condicións necesarias para afrontar o futuro con optimismo. Do noso mérito dependerá".

No acto concedeuse o grao Doutor Honoris Causa ao profesor e investigador estadounidense D. Michael Apple. Outro dos puntos fortes da xornada foi a conferencia 'Unha visión da ciencia dende Alemaña', de D. Juan Ignacio Cirac Sasturain, director do Instituto Max Planck de Óptica Cuántica de Garching (Alemaña), un referente mundial no seu campo.

12/09/2014 APERTURA DO CURSO ACADÉMICO EN VIGO

O acto de apertura do curso académico 2014/2015 reuniu en Vigo aos representantes das tres universidades galegas, nun acto presidido polo presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo, no que estiveron presentes o reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, e o presidente do Consello Social, D. Antonio Abril Abadín.

O reitor da Universidade de Vigo, D. Salustiano Mato da Iglesia, tomou a palabra para pedir máis recursos para evitar unha "fuga de cerebros" das universidades galegas e destacou a mellora da oferta académica en Galicia, cun mapa de titulacións máis eficiente.

D. Alberto Núñez Feijóo aproveitou a cita para anunciar a posta en marcha dun "plan pioneiro" dotado con catro millóns de euros para servizos xerais de apoio á investigación nas universidades galegas.

O presidente da Xunta fixo unha firme defensa dos modelos de colaboración e traballo en equipo entre as tres universidades galegas, poñendo como exemplo a creación do Consorcio Interuniversitario de Galicia: "As nosas universidades, cada unha coa súa propia personalidade, refórzanse coa súa colaboración".

Na súa intervención, Alberto Núñez Feijóo apostou por manter no novo Plan de Financiamento 2016-2020 a esencia do actual, vixente ata 2015.



^ D. Alberto Núñez Feijóo presidiu o acto de apertura do curso académico.



09/2014 NOVO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

En setembro entrou en vigor o novo regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña, do 11 de setembro de 2014 (DOG, 26 de setembro de 2014).

Segundo o indicado na disposición transitoria sétima da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, os Consellos Sociais das tres universidades galegas tiñan que adaptar e elevar a consideración e aprobación da Consellería competente en materia de universidades, o seu regulamento de organización e funcionamento interno.

O Consello Social da UDC elevou o anteproxecto de Regulamento ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha vez aprobado polo pleno do Consello Social na súa sesión do 24 de xullo de 2014, tras incorporar as suxestións da asesoría xurídica desta mesma Consellería.

02/10/2014 CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN RESPONSABILIDADE E INNOVACIÓN SOCIAL

A Cátedra Inditex-UDC de Responsabilidade Social e o Consello Social da UDC presentaron o novo Curso de Especialización en Responsabilidade e Innovación Social, que abría o seu prazo de preinscrición o 2 de outubro de 2014. O programa desenvólvese durante o primeiro semestre de 2015 e conta con 626 horas lectivas, cun especial protagonismo para a temática medioambiental e a innovación social.

O lanzamento deste novo título propio da UDC supón un paso adiante, coa experiencia das tres edicións anteriores do Posgrao en Responsabilidade Social. Esta iniciativa enmárcase dentro da estratexia de calidade e mellora continua da Cátedra Inditex-UDC de RS.

O novo plan de estudos introduce na oferta formativa novos contidos, profesores convidados e ferramentas orientadas a acadar un maior achegamento ás necesidades dos profesionais con interese en desenvolver a súa carreira profesional neste ámbito.

15/10/2014 COMITÉ EXECUTIVO DA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS

O Comité Executivo da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), que ten entre os seus integrantes a D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC, mantivo unha nova reunión en Madrid, onde tratou a preparación das Xornadas da CCS previstas para o mes de novembro en Xaén e a presentación dun estudo sobre transferencia de tecnoloxía nas universidades españolas.

28/10/2014 REUNIÓN DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

Na reunión da Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da UDC, os asistentes analizaron a liquidación do orzamento das contas anuais da UDC correspondente ao exercicio 2013 e un informe do Servizo de Intervención da UDC relativo ás indemnizacións por razón de servizo que deben percibir os membros do Consello Social.

30/10/2014 PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

O pasado 30 de outubro do 2014 tivo lugar unha reunión ordinaria do Pleno do Consello Social. Durante esta reunión, o máximo órgano Colexiado do Consello Social, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das contas anuais da UDC do exercicio 2013

O Pleno do Consello Social da UDC aprobou de forma unánime a liquidación dos orzamentos e as contas anuais da Universidade da Coruña do exercicio económico 2013.

Títulos de grao para o curso académico 2015/2016

O Pleno acordou por maioría emitir un informe favorable sobre a proposta de implantación do grao en Estudos de Arquitectura para o curso 2015/2016.

Tamén se acordou, por unanimidade, emitir un informe favorable sobre a proposta de modificación dos seguintes graos:

- » Grao en Humanidades.
- » Grao de Información e Documentación.
- » Grao en Dereito.

Títulos de mestrado para o curso académico 2015/2016

O Pleno acordou por unanimidade emitir un informe favorable sobre a proposta de implantación dos seguintes mestrados para o curso 2015/2016.

- » Mestrado en Xestión Administrativa.
- » Mestrado en Socioloxía Aplicada: Investigación Social de Mercados.

- » Mestrado de Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde.
- » Mestrado en Xeoinformática.
- » Mestrado en Computación de Altas Prestacións.
- » Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas.
- » Mestrado en Discapacidade e Dependencia.

Así mesmo, acordouse por maioría emitir un informe favorable sobre a proposta de implantación do mestrado en Arquitectura.

O Pleno tamén aprobou por unanimidade a emisión dun informe favorable sobre a proposta de modificación dos seguintes mestrados:

- » Mestrado en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega.
- » Mestrado en Urbanismo: Plans e Proxectos. Do Territorio á Cidade.
- » Mestrado en Enxeñaría Informática.
- » Mestrado en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías.
- » Mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial.

Programas de doutoramento para o curso académico 2015/2016

O Pleno acordou de xeito unánime emitir un informe favorable sobre a proposta de implantación dos seguintes programas de doutoramento:

- » Doutoramento en Saúde, Discapacidade e Dependencia.
- » Doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento.
- » Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable.

Ademais, acordouse por unanimidade a emisión dun informe favorable sobre a proposta de modificación do programa de doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica.

Prezos das ensinanzas propias da UDC

De forma unánime, o Pleno acordou a aprobación dos prezos de 14 titulacións propias da Universidade da Coruña para o curso 2014/2015.

Complementos autonómicos ao labor docente e investigador

O Pleno aprobou por unanimidade a asignación individual dos complementos autonómicos ao labor docente e investigador ao profesorado da UDC, que se relaciona coa proposta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), do 23 de setembro de 2014.

Complementos autonómicos á excelencia curricular docente e investigadora

De forma unánime, o Pleno acordou a aprobación da asignación individual dos complementos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora ao profesorado da UDC, que se relaciona coa proposta da ACSUG, do 20 de outubro de 2014.

Complementos autonómicos de recoñecemento por cargos de xestión

O Pleno tamén aprobou unanimemente a asignación individual dos complementos autonómicos de recoñecemento por cargos de xestión ao profesorado da UDC, que se relaciona coa proposta da ACSUG, do 20 de outubro de 2014.

Designación dos membros das Comisións permanentes

O Pleno acordou por unanimidade a aprobación da proposta de designación dos membros das Comisións permanentes do Consello Social.

A Comisión Executiva queda composta polo presidente D. Antonio Abril Abadín; polos vogais D. Xosé Luís Armesto Barbeito, D. Carlos Amoedo Souto, D. Marcelo Castro-Rial Schuler, D^a. Carmen González-Rosón Flores, D. Alfonso Manuel López Pena, D. Daniel Ramos Lobón, D. Francisco J. Santiañez Orero, D. Fernando Vázquez Martínez, D. José Venegas Alonso e D^a. Nona Inés Vilariño Souto; e polo secretario D. Enrique Muñoz Lagarón.

A Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais queda formada polo presidente D. Antonio Abril Abadín; polos vogais D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D^a. Nuria Vieira Sousa, D^a. Marta María Blanco Vispo, D. José María de Miguel Gómez, D^a. Carmen Piñeiro Lemos, D. Isidro Silveira Rey, D. Alfonso Varela Vidal e D. José Venegas Alonso; e polo secretario D. Enrique Muñoz Lajarón.

A Comisión Permanente de Supervisión de Actividades Universitarias e Calidade dos Servizos pasa a estar composta polo presidente D. Antonio Abril Abadín; polos vogais D. Carlos Amoedo Souto, D. Emilio Francisco Lage Rodríguez, D^a. Nuria Blanco Santiago, D^a. Rosa Carril Iglesias, D. Santiago Porta Dovalo, D. José Ramón Romero García, D. Ángel Manuel Teijeiro González e D. Andrés Vicente Salgueiro Armada; e polo secretario D. Enrique Muñoz Lagarón.



^ Pleno do Consello Social de 30 de outubro de 2014.



Os participantes no II Congreso Internacional de Universidade e Discapacidade.

27-28/11/2014 II CONGRESO UNIVERSIDADE E DISCAPACIDADE DA FUNDACIÓN ONCE

A Fundación ONCE organizou en Madrid o II Congreso Internacional de Universidade e Discapacidade, un foro que se converteu nun lugar de encontro onde propoñer ideas e estratexias para avanzar cara á inclusión universitaria e dar a coñecer as investigacións, programas e experiencias que en relación coas persoas con discapacidade se están a desenvolver nas universidades.

Na reunión estiveron presentes os equipos de profesionais de Espazo Compartido e do Observatorio de Políticas Públicas en Materia de Discapacidade, Atención á Diversidade e Igualdade de Oportunidades, ambos os dous proxectos promovidos polo Consello Social da Universidade da Coruña.

O Observatorio de Políticas Públicas en Materia de Discapacidade, Atención á Diversidade e Igualdade de Oportunidades, formado por D^a. Paloma Caneiro González, D. Jorge Lopez Veiga Brea, D. Jesús Spósito Prado, D^a. Lucía González López e D^a. Marta

García Pérez, presentou un decálogo titulado 'Cara a unha Carta dos Dereitos das persoas con discapacidade na universidade'. O decálogo nace co reto de lograr un recoñecemento nas leis de educación universitaria e nos estatutos das universidades. Mentres, pretende ofrecerse como *soft law*, ao modo de código de boas prácticas.

Espazo Compartido, pola súa parte, consolidouse nos dous últimos anos como unha referencia na atención á diversidade no ámbito universitario. Trátase dun programa promovido pola Universidade da Coruña para mellorar a empregabilidade e fomentar a inclusión laboral de mocidade con discapacidade cognitiva.

Vídeo dispoñible na canle de Youtube do Consello Social da UDC.

06/11/2014 O BO GOBERNO, CLAVE NA XESTIÓN UNIVERSITARIA E EMPRESARIAL

O valor das empresas vai máis alá do beneficio económico e apoiase noutras claves, relacionadas coa Responsabilidade Social, que implican o compromiso da empresa co bo goberno corporativo e o desenvolvemento social sustentable e solidario. Así o asegurou o avogado do Estado e presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, D. Antonio Abril Abadín, na conferencia pronunciada no Centro Socio Cultural Afundación, invitado pola Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Na actualidade, segundo o presidente do Consello Social da UDC, a empresa está ante o reto de aplicar, con sentido empresarial, criterios de bo goberno corporativo, de desenvolvemento social sustentable e solidario, e de protección medioambiental. E foi claro ao afirmar que "xestionar a responsabilidade social quere dicir procurar a ética, a transparencia e a rendición de contas, o que require esixentes estándares de conduta na organización, o compromiso social cos sectores da poboación máis desfavorecidos vinculados coa súa actividade e procurar o mínimo impacto medioambiental, cos mesmos criterios de eficiencia e excelencia cos que a empresa xestiona o seu propio negocio".

A conferencia de D. Antonio Abril Abadín, titulada 'O bo goberno corporativo como instrumento estratéxico da Responsabilidade Social da empresa', enmarcábase dentro do ciclo de conferencias programadas pola Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, en colaboración co Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña e co Ilustre Colexio Notarial de Galicia.



D. Antonio Abril Abadín participou no ciclo de conferencias da Real Academia Galega de Xurisprudencia.

11/2014 ESTUDO DA CCS SOBRE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA

A Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas (CCS), en colaboración coa Rede de Fundacións Universidade Empresa (REDFUE), presentou o 7 de novembro o estudo 'Recomendacións para mellorar o modelo de transferencia de tecnoloxía nas universidades españolas'. O informe serve como análise da situación actual da transferencia de tecnoloxía na educación superior española, repasa modelos internacionais de éxito e recolle unha serie de recomendacións de futuro.

O acto estivo presidido por D^a. Carmen Vela Olmo, secretaria de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación; D^a. Montserrat Gomendio Kindelan, secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades; D. Joaquín Moya-Angeler Cabrera, presidente da CCS; e D. Eduardo Manrique de Lara, presidente da REDFUE.

Por outra parte, entre os días 12 e 14 de novembro, a CCS organizou en Xaén as Xornadas dos Consellos Sociais das Universidades Españolas, co título 'Universidade e desenvolvemento territorial'.

12/11/2014 PREMIO EMPRENDE CORUÑA 2014

O 12 de novembro do 2014 celebrouse no Salón de Actos do Concello da Coruña a entrega da XV edición do Premio Emprande Coruña 2014, convocado pola Asociación de Empresarios Mozos da Coruña.

No acto, presidido polo alcalde da Coruña, D. Carlos Negreira Souto, interveu como padriño de honra D. Ignacio Rivera Quintana, conselleiro delegado de Hijos de Rivera S.A.U. O xurado, do que formou parte D. Jesús Spósito Prado, director técnico do Consello Social da UDC, concedeu o premio Empresario Mozo a IP Global; o premio AJE Júnior a Fan Square Smart Play; e tres accésits a Torus, Niuno e Testa Technologies.



^ Instalacións da IBS Padre Rubinos.

16/12/2014 VISITA A PADRE RUBINOS E FUNDACIÓN CIEC

O equipo técnico do Consello Social da Universidade da Coruña e o equipo de Inditex estiveron nas instalacións da Institución Benéfico Social Padre Rubinos e da Fundación CIEC, nunha visita organizada por D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC e secretario xeral e do Consello de Administración de Inditex.

A Institución Benéfico Social Padre Rubinos é unha institución sen ánimo de lucro, que naceu no 1918 e desenvolve un labor social de atención aos máis desfavorecidos na Coruña e a súa área de influencia. Pola súa parte, a Fundación CIEC, Centro Internacional da Estampa Contemporánea, é unha fundación privada creada no 1997 co obxectivo de promocionar e difundir as artes plásticas.

19/12/2014 NOVA REUNIÓN DA ACSUG

A avaliación de títulos informados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a planificación de actividades do ano 2015, os convenios con outras institucións, o proxecto de orzamento para o exercicio 2015 e a Memoria de actividades de 2013 foron algúns dos puntos que se abordaron na reunión celebrada en Santiago pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

18/12/2014 COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

A Comisión de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais do Consello Social da UDC pechou o ano cunha reunión na que se abordaron tanto o informe sobre os avances das negociacións para a elaboración do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 como o informe sobre o anteproxecto de orzamento e o plan operativo anual da Universidade da Coruña para o exercicio 2015.



^ Pleno do Consello Social do 22 de decembro do 2014.

22/12/2014 REUNIÓN DO CGU EN SANTIAGO

O Consello Galego de Universidades (CGU) reuniuse en Santiago de Compostela, nun pleno presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Jesús Vázquez Abad. Entre outras cuestións, tratáronse os plans de viabilidade das universidades galegas, o avance das reunións para a elaboración do novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia e o balance de bolsas concedidas a estudantes en 2014.



^ Reunión do CGU en Santiago.

22/12/2014 PLENO ORDINARIO DO CONSELLO SOCIAL

Calendario de plenos para o exercicio 2015

O Pleno aprobou de forma unánime o calendario de plenos do Consello Social para o ano 2015.

Proposta do Consello de Goberno

O Pleno acordou aprobar a proposta presentada polos representantes do Consello de Goberno no Consello Social, nos seguintes termos: designase a D. Ricardo Cao Abad como membro da Comisión Executiva; a D. Emilio Lage Rodríguez como membro da Comisión Permanente de Asuntos Económicos, Financeiros e Patrimoniais; e a D^a. Nuria Vieira Sousa como membro da Comisión Permanente de Supervisión de Actividades Universitarias e Calidade dos Servizos.

Aprobación do orzamento da UDC para 2015

O Pleno aprobou por unanimidade o orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio económico de 2015, co documento complementario 'Bases da execución

do orzamento 2015', tal e como consta nos documentos que se acompañan baixo o título 'Anteproxecto de orzamentos 2015', cunha modificación nas partidas destinadas á Facultade de Enfermaría e Podoloxía.

Así mesmo, tamén se aprobou de maneira unánime o documento 'Plan operativo anual 2015', que desenvolve as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2014-15.

Doazón dun cadro de María Casares

O Pleno aprobou por unanimidade a aceptación pola UDC da doazón dun cadro retrato de María Casares e a súa afectación á Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado, segundo se describe no Acordo do Consello de Goberno da UDC, do 19 de decembro do 2014.

03

ORZAMENTO DA UDC

O Consello Social da Universidade da Coruña aprobou no seu Pleno ordinario do 22 de decembro de 2014 o orzamento e o Plan Operativo Anual da UDC para o exercicio 2015.

As contas aprobadas implican un crecemento dun 1,1 por cento no orzamento da UDC, cun incremento de máis de 1,2 millóns de euros con respecto ao exercicio 2014. Este aumento de fondos está motivado fundamentalmente polo crecemento da captación de fondos de I+D+i, un dato que chega da man dunha mellora no aspecto investigador na UDC e do incremento das aportacións das institucións financeiras das universidades para I+D+i.

No terreo dos ingresos, o principal incremento en termos porcentuais céntrase no capítulo de transferencias de capital, que crece un 12,2 por cento e sitúase xa como a segunda fonte de ingresos da UDC, só por detrás das transferencias correntes, un capítulo que tamén creceu un 0,5 por cento e que supón un 71,2 por cento dos ingresos da institución académica.


O orzamento de gastos axustouse ao incremento nos ingresos. Ese crecemento ten o seu reflexo nos capítulos de gastos de persoal e inversións reais, que supoñen entrambos un 83,7 por cento dos gastos previstos pola UDC para o exercicio 2015.

O modelo de financiamento das universidades españolas estivo condicionado nos últimos anos pola conxuntura económica, unha situación que obrigou á educación superior a meditar sobre a necesidade de adoptar un modelo que asegure a estabilidade e o éxito do sistema, de xeito que se aposte por unha necesaria diversificación das fontes de financiamento das universidades e se fomenta o crecemento económico e social. Este modelo busca unha asignación xusta e eficiente dos recursos públicos dedicados á educación e á investigación, con especial atención ao fomento da transferencia de resultados da investigación ao sector produtivo.

INGRESOS	2014	%	13/14	2015	%	14/15
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.950.900,00	13,0%	5,0%	14.872.900,00	12,8%	-0,5%
Capítulo IV: Transferencias correntes	82.312.831,83	71,6%	-3,4%	82.727.537,45	71,2%	0,5%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	460.000,00	0,4%	-5,5%	420.000,00	0,4%	-8,7%
Capítulo VII: Transferencias de capital	14.167.446,36	12,3%	-14,1%	15.900.847,60	13,7%	12,2%
Capítulo VIII: Activos financeiros	2.952.771,20	2,6%	-7,7%	2.270.800,97	2,0%	-23,1%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	79.557,86	0,1%		0,00	0,0%	
TOTAL	114.923.507,25	100,0%	-3,9%	116.192.086,02	100,0%	1,1%

GASTOS	2014	%	13/14	2015	%	14/15
Capítulo I: Gastos de persoal	83.871.898,07	73,0%	-4,3%	85.391.720,67	73,5%	1,8%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	15.705.203,53	13,7%	-3,6%	14.969.574,50	12,9%	-4,7%
Capítulo III: Gastos financeiros	58.500,00	0,1%	-43,1%	58.500,00	0,2%	0,0%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.246.495,40	2,8%	5,7%	2.928.924,50	2,5%	-9,8%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,2%	0,0%	250.000,00	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Inversións reais	11.028.470,26	9,6%	-2,6%	11.843.366,35	10,2%	7,4%
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270,00	0,0%	0,0%	0,00	0,0%	-100,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	11.670,00	0,0%	-72,3%	50.000,00	0,0%	328,4%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	750.000,00	0,7%	-11,8%	700.000,00	0,6%	-6,7%
TOTAL	114.923.507,25	100,0%	-3,9%	116.192.086,02	100,0%	1,1%

Datos en euros

 **KPMG Auditores S.L.**
Calle de la Fama, 1
15001 A Coruña

Informe de Auditoría de las Cuentas Anuales de la Universidade da Coruña

Al Consello Social de
Universidade da Coruña

I. INTRODUCCIÓN

Hemos auditado las cuentas anuales de la Universidade da Coruña (en adelante, la Universidade), las cuales comprenden el balance al 31 de diciembre de 2013, la cuenta del resultado económico-patrimonial del ejercicio finalizado el 31 de diciembre de 2013, el estado de cambios en el patrimonio neto, el estado de flujos de efectivo, el estado de la liquidación del presupuesto y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

El Gerente de la Universidade da Coruña es responsable de la formulación de las cuentas anuales de la Universidade de acuerdo con el marco de información financiera que se detalla en la nota "Bases de presentación" de la memoria adjunta y, en particular, de acuerdo con los principios y criterios contables aplicables. Asimismo, es responsable del control interno que considere necesario para permitir que la preparación de las citadas cuentas anuales esté libre de incorrección material.

Las cuentas anuales a las que se refiere el presente informe fueron formuladas por el Gerente el 20 de octubre de 2014 y complementadas con fecha 24 de octubre de 2014.

II. OBJETIVO Y ALCANCE DEL TRABAJO

Nuestra responsabilidad es emitir una opinión sobre si las cuentas anuales adjuntas expresan la imagen fiel de la Universidade, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las Normas de Auditoría del Sector Público. Dichas normas exigen que planifiquemos y ejecutemos la auditoría con el fin de obtener una seguridad razonable, aunque no absoluta, de que las cuentas anuales están libres de incorrección material.

Una auditoría conlleva la aplicación de procedimientos para obtener evidencia adecuada y suficiente sobre los importes y la información recogida en las cuentas anuales. Los procedimientos seleccionados dependen del juicio del auditor, incluida la valoración de los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales. Al efectuar dichas valoraciones de riesgo, el auditor tiene en cuenta el control interno relevante para la preparación y presentación razonable por parte del gestor de las cuentas anuales, con el fin de diseñar los procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad. Una auditoría también incluye la evaluación de la adecuación de los criterios contables y de la razonabilidad de las estimaciones contables realizadas por el gestor, así como la evaluación de la presentación global de las cuentas anuales.

KPMG Auditores S.L., sociedad española de responsabilidad limitada y firma miembro de la red KPMG de firmas independientes afiliadas a KPMG International Cooperative ("KPMG International"), entidad suiza.

Incluido en el Registro Oficial de Auditores de Cuentas con el nº 30022, y en el Registro de Sociedades del Instituto de Contables Juristas de Cuentas con el nº 10. Reg. Info. Minis. 1.11.2011, F. 34, Sec. 8.4. M. 188.201, inscrip. 1. N.I.F. B.28812183

2

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para emitir nuestra opinión de auditoría.

III. RESULTADOS DEL TRABAJO: FUNDAMENTO DE LA OPINIÓN FAVORABLE CON SALVEDADESES

a. Salvedades relacionadas con el inmovilizado material y las inversiones inmobiliarias

El epígrafe Inmovilizado material del balance al 31 de diciembre de 2013 adjunto incluye bienes con un valor neto contable de 77.365 miles euros, de los que 74.350 miles de euros corresponden a inmuebles recibidos en adscripción registrados empleando como contrapartida el epígrafe Otros incrementos patrimoniales pendientes de imputación a resultados, y el resto a bienes adquiridos por la propia Universidade. De acuerdo con lo manifestado por la Gerencia de la Universidade (véase Anexo a la memoria de las cuentas anuales), en el caso de los bienes adscritos la valoración inicial se realizó de acuerdo con criterios estimativos realizados por el Servicio de Arquitectura y Urbanismo de la Universidade sobre los cuales no hemos podido obtener información suficiente. Asimismo, durante el curso de nuestro trabajo no hemos dispuesto de documentación adicional justificativa de la citada adscripción ni de documentación suficiente que nos permita concluir sobre la razonabilidad de la valoración inicial por la que fueron reconocidos los mencionados elementos en el balance de la Universidade. En consecuencia, no hemos podido concluir sobre la razonabilidad de los importes por los que dichos bienes figuran registrados en los mencionados epígrafes del balance, ni de los importes de 3.321 miles de euros y 1.050 miles de euros que se muestran, respectivamente, en las partidas Amortización del inmovilizado y Transferencias y subvenciones recibidas para el inmovilizado no financiero de la cuenta del resultado económico-patrimonial del ejercicio 2013 adjunta.

En los epígrafes Deterioro de valor y resultado por enajenación del inmovilizado no financiero y activos en estado de venta y Otros gastos de gestión ordinaria de la cuenta del resultado económico-patrimonial de 2013 adjunta se recogen 1.978 y 456 miles de euros, respectivamente, que, según nos ha manifestado la gerencia de la Universidade, se corresponden con regularizaciones realizadas durante 2013 con la finalidad de conciliar los inventarios de inmovilizado con los registros contables de la Universidade. No hemos dispuesto de documentación suficiente que nos permita concluir sobre la razonabilidad de las mencionadas regularizaciones.

Inmovilizado material del balance al 31 de diciembre de 2013 adjunto recoge fondos bibliográficos por un valor neto contable de 4.189 miles de euros. Durante el curso de nuestro trabajo no hemos dispuesto de inventarios valorados de los fondos bibliográficos adquiridos con anterioridad al 1 de enero de 2010 que aparecen recogidos en el balance adjunto por un valor neto contable de 1.710 miles de euros. En consecuencia, no hemos podido concluir sobre la razonabilidad del importe por el que los mencionados activos se encuentran recogidos en el balance adjunto, ni sobre la dotación a la amortización de los mismos que en 2013 ha ascendido a 687 miles de euros.

En el epígrafe Inversiones inmobiliarias del balance al 31 de diciembre de 2013 adjunto se reconocen, por un importe de 910 miles de euros, obras de construcción de inmuebles que serán utilizados a su finalización por la Universidade. En aplicación del marco normativo de información financiera de aplicación a la Universidade, el mencionado importe debería reclasificarse al inmovilizado material, por lo que los epígrafes de inversiones inmobiliarias e inmovilizado material se encuentran sobrevalorado e infravalorado, respectivamente, en 910 miles de euros.

b. Salvedades relacionadas con el remanente de tesorería

